



BASES REGULADORAS DO I CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA MONTSE NOYA VÁZQUEZ

1. OBXECTIVO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios de participación no I concurso de debuxo e pintura Montse Noya Vázquez, organizado polo Colexio Galaxia coa colaboración do Concello de Ribeira.

2. REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN

Poderán participar todos os nenos e todas as nenas que cursen estudos nos niveis de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e FP básica nos centros de ensino de Ribeira.

Cada participante só poderá presentar un traballo.

O tema da obra é libre, en caso de que empregue texto escrito a lingua vehicular será o galego. Realizarase en cartolina ríxida tamaño A3 e a técnica será libre: cera, colaxe, acuarela, rotuladores, témpera...

As obras deberán ser orixinais e inéditas, polo tanto non poderán ser obxecto de ningún outro premio, nin ser publicadas nin presentadas noutros concursos.

Cada traballo asinarase pola parte traseira cun pseudónimo. Xunto co traballo entregárase un sobre pechado cos seguintes datos indicados no exterior: o pseudónimo utilizado na obra e a idade do concursante. No interior o sobre conterá: o nome e apelidos do neno ou nena, data de nacemento, curso e centro de ensino, lugar de residencia e teléfono de contacto dos seus proxenitores/titores legais (aos efectos de comunicarlle o premio). Este sobre presentárase pegado pola parte posterior do traballo.

As obras presentadas a concurso poderán ser entregadas en conxunto polo centro educativo de quen participan.

Calquera traballo que non presente as características esixidas quedará fóra de concurso.

Realizarase unha mostra cos traballos finalistas o cal será comunicado publicamente no seu momento.

3. PRAZO

As obras orixinais xunto co sobre de datos, deberán remitirse dende o día 6 de outubro ata o 15 de outubro de 2024, ao Centro Cultural Lustres Rivas

(R/Manuel Lustres Rivas, 20, 2º andar, dereita, 15960, Ribeira), podendo tamén ser entregadas de xeito presencial en horario de 9.00 a 14.00 h.

4. PREMIO

As persoas gañadoras optarán a tres premios, bonos de compra no comercio local de 150 €, 100 € e 50 € cadaquén, segundo o posto acadado, 1º, 2º ou 3º. Ademais, o primeiro posto gañará tamén a oportunidade de amosar o seu traballo como imaxe nalgún dos carteis do Concello de Ribeira, expostos durante o ano escolar 2024-2025.

5. XURADO

O xurado estará composto por un número impar de persoas vinculadas á Cultura e pola concelleira desta área ou a persoa en quen delegue. A decisión do xurado será inapelable.

A decisión do xurado poñerase en coñecemento do centro de ensino da nena ou neno que obteña galardón, e comunicarse por teléfono aos proxenitores ou titores legais no seu caso, organizando un acto público o día 27 de novembro para a entrega dos premios.

6. ACEPTACIÓN DAS BASES E AUTORIZACIÓN EN CANTO Á LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS.

A participación neste concurso supón a aceptación plena das bases, así como a autorización ao Concello de Ribeira para empregar a imaxe e datos do gañador ou da gañadora coa finalidade de dar publicidade suficiente dos resultados deste.

Así aos efectos do establecido na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos e RXP, o Concello de Ribeira comunica que estes datos de carácter persoal forman parte dun ficheiro na área de Cultura, podendo exercitar os seus dereitos ARCO no seguinte enderezo postal: Praza de Concello, s/n, CP 15960, Ribeira (A Coruña).

CPR Galaxia
R/ Estatuto nº 1, baixo
15960 Ribeira
Tel.: 981 871 242
cpr.galaxia@edu.xunta.gal

Concello de Ribeira
Centro Cultural Lustres Rivas
R/ Manuel Lustres Rivas, 2º
15960 Ribeira
Tel.: 981 835 650
normalizacion@ribeira.gal